

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE TOÉN

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS POR CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE CONDUCCIÓN A E B PARA OS/AS MOZOS/AS DO CONCELLO DE TOÉN

Extracto da convocatoria de subvencións por concorrencia non competitiva para a obtención do permiso de condución A e B para os/as mozos/as do Concello de Toén

BDNS (Identif.): 894823

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/894823>)

Primeiro. Persoas beneficiarias

Serán persoas beneficiarias os/as mozos/as do Concello de Toén que reúnan os seguintes requisitos:

Estar empadroadado/a no Concello de Toén cunha antigüidade mínima de 1 ano no momento da presentación da solicitude (en caso de autorización, comprobarase de oficio polo órgano instructor do procedemento).

Ter obtido o permiso de condución A ou B no período comprendido entre os días 01/09/2025 e 30/11/2026.

Non ter cumpridos os 26 anos no momento da obtención do permiso de condución.

Non ter sido beneficiario/a desta axuda en anteriores convocatorias realizadas polo Concello de Toén, aínda que se trate doutro permiso de condución.

Segundo. Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular a tramitación e concesión, por parte do Concello de Toén, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia non competitiva, de subvencións para a obtención do permiso de condución A e B para os/as mozos/as do Concello de Toén.

Terceiro. Bases reguladoras

Publicadas integramente na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarta. Contía

A contía das axudas será de 150,00 € para a obtención do permiso de condución A e de 300,00 € para a obtención do permiso de condución B, ata esgotar o crédito dispoñible.





Quinta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación das solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e remata o día 15/12/2026.

Toén, 24 de marzo de 2026. O alcalde.

Asdo.: Ricardo González Gómez.

R. 752

